

o boletín

CIG-Autonómica

marzo 2012

O COMPAÑEIRO ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO VIDA, OBRA E MILAGRES DUN SINDICALISTA

Chegou a durmir nunha moqueta para reivindicar os dereitos dos empregados públicos, convocou folgas, pedía un horario flexible, sufriu a apertura dun expediente informativo pola súa actividade sindical, reclamaba transporte de balde, axudas sociais, subas salariais por riba do IPC e até chegou a pedir que non se lle permitise a entrada á policía en San Caetano. Tamén lle enviou cartas ao presidente da Xunta reclamando ceses de altos cargos, en fin, quen te viu e quen te ve.

Como aprobou as oposicións? Cales eran as súas reclamacións antes de meterse a político?

compañeiro de traballo, de sindicato, de folgas, de partido e de carreira política.

Nestas catro páxinas non pretendemos facer un perfil psicolóxico do presidente da Xunta. Tampouco procuramos atopar explicacións a que sexa, precisamente, un traballador público quen estea aplicando, dende a súa excedencia, o maior ataque perpetrado nunca contra o conxunto dos empregados públicos na Galiza. Nin tan sequera pretendemos facer un estudo de canto pode cambiar a mentalidade dunha persoa dependendo das súas circunstancias.



No ano 1988 presentouse ás eleccións sindicais por AFICA (Agrupación de Funcionarios Interinos e Contratados Administrativos). Nesas eleccións AFICA erixiuse gañadora (AFICA 6, APF 4, INTG 2, CXTG 2, CSIF 2, UGT 2 e CCOO 1), e Feijóo foi elixido delegado sindical da Xunta de Persoal dos Servizos Centrais da Xunta de Galiza e desempeñou, por dicilo dalgún xeito, ese cargo até febreiro de 1991.

Cales eran as súas reivindicacións? Que era o que lle preocupaba como traballador público? Nestas páxinas achegamos unha aproximación á vida

sindical do actual presidente da Xunta de Galiza.

Non, non pretendemos nada diso, o único que queremos é facer públicas as actuacións daquel Feijóo sindicalista que pululaba polos corredores de San Caetano nos primeiros tempos da Xunta.

Aquel Feijóo, fillo da tendeira dunha aldea dos Peares e dun encargado das obras dos encoros que tanto dano fan ao noso querido Sil, aquel Feijóo que non saía a xogar co resto de nenos da aldea porque había que estudar, aquel Feijóo que botou interno nos Maristas de León dos 10 aos 14 anos.

Pois aquel neno medrou, converteuse nun rapaz e, antes de iniciar unha meteórica carreira política, tivo inqedanzas sindicais. Dende 1985, pouco tempo despois de rematar a carreira de Dereito, con apenas 24 anos, xa estaba de interino na Xunta, co seu amigo Carlos Negreira,

La Voz de Galicia, viernes, 7 de julio de 1989

La Consellería de Presidencia amenaza con abrir un expediente disciplinario a la Xunta de Persoal de Servizos Centrais

Santiago (Redacción). El secretario general técnico de Presidencia, Jesús Fernández Jiménez, determinó la apertura de un expediente de información reservada a los miembros de la Xunta de Persoal de Servizos Centrais, por entender que «irrumperon no despacho do director xeral da Inspección Xeral de Servizos e Coordinación Administrativa, César Rúa, ao respostarlle este que estaba ocupado e non podía recibilos e que os recibiría outro

día, polo que o director xeral tiivo que ausentarse para evitar unha maior conflictividade».


La Secretaria Xeral Técnica iniciou el expediente informativo, del que podría derivarse «si fora o caso» un expediente disciplinario, según se hace constar en el escrito dirigido al presidente de la Xunta de Persoal, para que reseñe cómo ocurrieron los hechos.

Éste manifestó que en ningún caso se produjo violencia alguna, y que sólo abrieron la puerta para dirigirse al citado director general, que no quería haberlos recibido, abandonando de inmediato su despacho. Con anterioridad, la Xunta de Persoal había pedido la dimisión de César Rúa «pola súa incapacidade no cumprimento das súas obrigas».

Nesta Edición:

- Introducción
- Biografía crítica
- Principais reivindicacións
- Que foi da A.F.I.C.A?

BIOGRAFÍA crítica



A súa **biografía oficial**, a que está publicada no web da Xunta, dinos que ingresou na Xunta no ano 1985, como membro do corpo superior da Administración Xeral. Pero isto **non é totalmente real**. Hai que sinalar que Feijóo era interino, a condición de funcionario de carreira adquiriuna logo das primeiras oposicións que se convocaron, aquelas famosas das tres oportunidades, no ano 1991. Iso si, aprobou á primeira pero coa nota xustiña.

Na Lei de Medidas no Emprego Público, promovida por Feijóo, hai un ataque brutal contra o colectivo interino na que se prevé reducir un terzo do seu horario e do seu salario. Consecuentemente pódese entrever un certo **complexo pola súa anterior condición de interino** e, ao mesmo tempo, unha actitude de **desprezo** cara este colectivo logo da iniciativa desta lei. O certo é que a partir do ano 1991 é cando se produce realmente a súa entrada no corpo superior da Administración Xeral como funcionario de carreira.

trada no corpo superior da Administración Xeral como funcionario de carreira.

Aínda sen ter aprobada a oposición, en **xullo de 1991**, Romay Beccaría nomeouno **secretario xeral** na consellaría de Agricultura. Ese gran salto chegou a sorprender a moitos compañeiros, pero non quedou aí. Con só tres meses de experiencia pasou a exercer o mesmo cargo na consellaría de Sanidade, aí botou case cinco anos e catro, ao mesmo tempo, como secretario xeral do Sergas.

OPOSICIÓN. Levaba pouco tempo de secretario xeral cando o amigo Feijóo se presenta ás oposicións, aquelas polas que tanto loitou dende a súa actividade sindical anterior. Circulan moitas lendas urbanas, hai quen falaba de que incluso nin se chegara a presentar e cousas así. O que si se sabe é que o número un daquel proceso foi o seu amigo Carlos Negreira e este era posto de exemplo polo director xeral da Función Pública do momento, López Rúa. Feijóo non sacou tan boa nota, a pesar de que o exame fora moi doado. Nunca tomou posesión da praza como funcionario.

MADRID. O máximo para aquel raparigo mimado dunha aldea do interior. En 1996 entra no goberno de Aznar, aínda que como segunda fila. Primeiro como secretario do Ministerio de Sanidade, outra vez con Romay, e entre 2000 e 2003 dirixindo a privatización de Correos. Nesta época foi cando se afiliou ao PP.

OBXECTIVO, A XUNTA. Nese ano 2003 é nomeado conselleiro de Política Territorial, substitúe a Cuiña no medio dunha caza de bruxas interna contra o sector da boina, aproveitando a marea de Nunca Máis. Ao ano seguinte é nomeado xa vicepresidente de Fraga. Logo viñeron os tempos do malvado bipartito, onde o compañeiro Alberto asentou o seu poder na rexión galaica, a campaña sucia do 2009, o seu nomeamento como presidente e a actual política de recortes e privatización dos Servizos Públicos.

VIDA PERSOAL. Defínese como católico, apostólico e romano pero, a pesar de estar na sombra de Romay Beccaría, non se lle coñece unha vinculación directa co Opus Dei, aínda que si moitos dos seus conselleiros e conselleiras están nesa órbita. Ten unha relación persoal cunha xornalista chamada **Chinny**, coa que foi ver ao Papa en calidade de colaboradora, aínda que non están casados e **viven en pecado**. Chinny ten raíces nas Filipinas, traballaba como asesora de prensa do PP no Congreso pero mudou a xefa de prensa da Secretaría de Estado de Orzamentos no goberno de Rajoy. Vive, como non, en Madrid.

Non sabemos se a **curiosa relación coas Filipinas de Feijóo** ten algo que ver coa película filo-fascista do ano 1945 "Los últimos de Filipinas". Pero foi moi polémica a súa aparición na farándula madrileña, en febreiro deste ano, xunto con Isabel Preysler, na presentación dun libro de título curioso para un católico coma el, *Un Divorcio Elegante*, acto ao que asistiron personaxes como Ana Rosa Quintana ou Sara Montiel. Non dubidamos de que paga do seu peto este tipo de estancias e viaxes ao seu benquerido Madrid.



Principais reivindicacións de A.F.I.C.A. e Feijóo

O día 28 de xaneiro 1988 constituíuse a Xunta de Persoal. A acta asínaa, como secretario por ser o membro de menor idade, Alberto Núñez Feijóo. Este documento é o único redactado en castelán de todo ese período.

A actividade sindical de Feijóo como delegado de persoal tampouco foi excesivamente activa. Aquela Xunta de Persoal tivo uns 35 plenos repartidos en tres anos. Pódese observar que a actividade sindical de Feijóo foi de máis a menos, asistiu a doce no primeiro ano e medio e a cinco no resto do tempo, até febreiro de 1991.

O punto álxido da etapa sindicalista de Feijóo supuxo todo un desafío ao goberno da Xunta de entón, o tripartito de Laxe, **convocando unha folga xunto coa CIG** (INTG e CXTG daquela) e CC.OO e un peche en San Caetano, en marzo de 1988. A reivindicación principal era a estabilidade para o persoal interino, cando se estaba negociando a Lei de Función Pública da Galiza.

Foi naquel peche, na véspera da aprobación da Lei da Función Pública no Parlamento o 10 de maio, cando Feijóo e Negreira durmiron nunha moqueta.

Buscando un certo paralelismo coa recentemente publicada Lei de Medidas no Emprego Público, estas foron as principais reclamacións de Feijóo:

PERSOAL INTERINO. Xa no seu programa eleitoral A.F.I.C.A. reclamaba o recoñecemento do 100 % das retribucións para este persoal. Isto mesmo solicitouse en varios plenos do ano 1988. Tamén reclamaron que na Lei de Función Pública se garantise a estabilidade para o persoal interino. Así mesmo, xa en xuño de 1990, pedían que accedesen ao grupo inmediatamente superior ao que se atopaba clasificado. Esta preocupación tiña algo de “moito pico e pouca pala”, xa que unha vez tardaron máis de dous meses en facer un simple escrito solicitando o 100% para os interinos dirixido aos grupos parlamentares.

FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. Solicitaban transporte de balde para o persoal de Servizos Centrais, aparcamento tamén gratuíto para os empregados públicos, un economato, axudas para estudos do traballador, os seus fillos e incluso as súas parellas. Ademais solicitaron axudas para adquisición de vivenda e garderías para o persoal de Servizos Centrais. Varias veces reclamaron o incremento das contías para estes fins. A maioría destas liñas de axuda foron recentemente eliminadas coa aprobación da Lei de Medidas no Emprego Público.

CONCURSOS DE TRASLADOS E PROCESOS SELECTIVOS. Coma xa se dixo anteriormente, a estabilidade do posto para o persoal interino era a principal reclamación de Feijóo. Pero tamén reclamaba o dereito a recibir información de Función Pública, participación sindical nos procesos selectivos, recorreu xudicialmente unha convocatoria de Libre Designación e tamén se remitiu á Fiscalía, en xullo de 1989, o abuso das comisións de servizo e adscricións temporais por se esa práctica era constitutiva de delito penal. En abril de 1989 manifestaron a súa protesta pola falta de concurso de tras-

lados e a ausencia de promoción interna e dunha oferta de emprego público e en marzo de 1990 reclamaron que todos os postos creados nas delegacións fosen cubertos por concurso.

XORNADA E HORARIO. A reivindicación dunha xornada de verán, entre o 1 de xuño e o 30 de setembro, fixo que A.F.I.C.A. se sumase a outra folga (na que se denunciou obstrucionismo sindical por parte da Xunta) que se convocou para todos os luns e martes dos meses de xullo, agosto e setembro de 1988. Feijóo e os seus compañeiros foron os encargados de facer o seguimento da folga durante o mes de agosto. Tamén reclamaron insistentemente un horario flexible, entre as 09:00 e as 14:00 de obrigado cumprimento e entre as 07:00 e as 16:00 para cumprir o resto do horario. Chama a atención a reclamación dunha xornada semanal de 35 horas.

RETRIBUCIÓN SALARIAIS. En outubro de 1988 aparece un acordo para solicitar un incremento salarial por riba do IPC e a elevación dos niveis mínimos consolidables, ademais do xa sinalado 100% de retribucións para o persoal interino.

ASISTENCIAS TÉCNICAS. Na primeira xuntanza daquela Xunta de Persoal, en marzo de 1988, pediuse que todos os postos de traballo se cubrisen con persoal funcionario. Xa naqueles tempos era un problema preocupante o abuso da subcontratación na Administración Pública.

OUTRAS RECLAMACIÓNS. Algunhas certamente chamativas como, por exemplo, unha queixa da Xunta de Persoal sobre a intención da Consellaría de Agricultura de recortar os días de asuntos propios (a actual lei de medidas recortou de 9 a 6 días este dereito). Denuncia das condicións de amoreamento, tanto nas oficinas de San Caetano coma nos buses dos empregados públicos e unha solicitude de concreción de competencias nos postos de xefatura de negociado e sección. Así mesmo non debemos esquecer unha petición de información sobre o persoal docente en labores administrativas e unha solicitude de mellora das condicións da cafetería de San Caetano, que agora, como presidente, non se molesta en pisar, xa lle levan o xantar ao despacho.

Mágoa que agora non se lembre de nada disto.

PROGRAMA

1. Inmediata aprobación do proxecto de Lei de Función Pública Galega.
2. Acceso á Función Pública de tódolos funcionarios interinos e contratados administrativos, asegurando en todo caso a estabilidade no posto de traballo.
3. Recoñecemento ó persoal interino na Lei de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1988 do 100 % das retribucións básicas e complementarias.
4. Movilidade no posto de traballo en canto non se acceda á Función Pública.
5. Homologación de niveis mínimos retribuídos dos diferentes grupos de Función Pública.

Que foi da A.F.I.C.A.?

Nesta xa famosa foto son facilmente recoñecibles **Feijóo** (1º á esquerda, liña do fondo) e o actual alcalde da Coruña, **Carlos Negreira** (dous postos á dereita de Feijóo), pero neste grupo de xente hai máis caras recoñecibles e, sobre todo, de todas as cores e gustos.

A.F.I.C.A. non eran só os que están na foto, representaban a toda a aquela xente interina, sobre todo aos do grupo A, aínda que tamén había xente doutras categorías pero quen os dirixía era, fundamentalmente, a xente do corpo superior. Moitos deles ocupan hoxe cargos relevantes pero daquela eran xente nova e nin eles mesmos se imaxinaban até onde podían chegar algúns.

Nesta foto non todos eran do grupo A corpo xeral, había un aparelador, un médico, varios auxiliares administrativos e incluso un subalterno. Ideoloxicamente tamén había de todo, algúns eran e son membros do Opus e outros militan actualmente en organizacións de esquerda. Como personaxes máis coñecidas podemos destacar, empezando por arriba na segunda fila, terceira dende a esquerda, a **Pepa Carballal**, que foi presidenta do Club Náutico de Portosín, subdirectora xeral de Xustiza e agora é secretaria xeral do Valedor e vogal do consello de dirección de El Correo Gallego.

Xusto na seguinte fila, a persoa que lle tapa levemente a cara é **José María Sánchez González**, era o que realmente movía a A.F.I.C.A. por detrás (Feijóo poñía a cara). Posteriormente foi secretario xeral da consellería de Cultura con Pérez Varela e director do IGAEM, despois fixo carreira no sector privado como empresario de éxito, obtendo patrocinios relacionados co Xacobeo e a súa anterior consellería e na actualidade posúe un despacho de



avogados en Compostela. Moi vinculado co PP.

Destacamos, por último, a **Jorge García-Borregón**, segundo á esquerda na primeira fila de abaixo, médico-funcionario da Lei 17 que estivo desempeñando diversos cargos no Sergas e amigo persoal de Mariano Rajoy.

Para amosar a diversidade deste grupo hai que destacar tamén, entre outros, un actual membro activo da Confederación Xeral do Traballo (sindicato de orientación anarquista), un dos fundadores da empresa COREMAIN e incluso un integrante do antigo equipo de fútbol sala da CIG en Servizos Centrais.

Até aquí chegou a romaría. Nas seguintes eleccións sindicais A.F.I.C.A. xa nin se presentou. A maioría dos integrantes da súa candidatura nas anteriores eleccións pasaron posteriormente a ser funcionarios de carreira.



Acta núm. 1 da Xunta de Persoal SSCC (28-01-1988)

O Comité de Folga esta composto por MANUEL DIAZ LOPEZ (D.I.33830560), MANUEL CORREDERA FERNANDEZ [REDACTED] INES RUIBAL CENDON [REDACTED] CARLOS NEGREIRA SOUTO [REDACTED], ALVARO ANSIAS BACELAR [REDACTED] Mª LUISA VILAS AGRASO [REDACTED]

O que se comunica ós efectos oportunos.

Carlos Negreira formou parte do comité de folga que reclamaba o horario de verán en 1988

Estamos na WEB

<http://autonomica.cigadmon.org>
autonomica@cigadmon.org

Autonómica